



Xeografía mítica

CATEGORÍAS RELACIONADAS

Penedo do Mosqueiro

O Penedo do Mosqueiro está situado na parroquia de Santa Mariña de Agar, concello de A Estrada (Pontevedra). É un conxunto de pedras no monte de Outeiro, xa preto do linde coa parroquia de Curantes. Dise que está encantado, que garda un encanto que pon medo aínda que moitos se achegaban alí por velo. Pola noitiña do día de San Xoán aparécese alí unha galiña grande, moi fera, arrodada de pitos de ouro. Moitos intentaron collela pero non o conseguiron.

BIBLIOGRAFÍA

REIMÓNDEZ PORTELA, Manuel, A Estrada rural, Exema. Deputación Provincial de Pontevedra 1990.